

Estamos, de certo e como xa se ten sinalado, diante da grande novidade na narrativa galega desta primavera – verán. Novidade porque supón a estrea dun autor debutante e novidade así mesmo pola sorprendente calidade que encerran as súas páxinas. O reto non era doado porque Manuel Portas, profesor, sociolinguísta, concelleiro municipal e aparcado da política, se estrea dun xeito serodio e cunha novela de moi complexa elaboración, cunha arquitectura vangardista e intrincada, con moitos personaxes, mais sen que lector corra o risco de se perder a través da súa escrita fragmentaria.

Denso recendo a salgado, aínda que transcorre en sete días, ten na miña opinión unha estrutura interior que a converte nun relato innovador, interesante para o lector que non se deixa seducir polas tramas populistas coas que se acostuma desen-

Inversión de valores

Nunha corrente innovadora

FRANCISCO MARTÍNEZ BOUZAS

volver o tema do narcotráfico. Unha estrutura dupla, cunha primeira parte, ao meu ver, a máis estimulante na que o narrador nos achega unha verdadeira novela de novelas, que se espalla nunha distribución aberta e ramificada. Neste tramo, un verdadeiro calidoscopio social, o narrador recupera a xuventude dun grupo de rapaces e rapazas, xente da xeración ponte que viviron de mozos o paso do franquismo á democracia. Colegas daquel

sexto de letras do instituto dunha vila da Arousa. Séguenos polos seus fluxos e refluxos pola vida e radio-grafa os seus presentes. E como pano de fondo, o contrabando e o narcotráfico que, en boa medida e de xeito directo ou indirecto, condiciona as súas existencia. Homes e mulleres da Ría, coas súas historias detrás, cos seus presentes profesionais, as súas perspectivas vitais, coas súas faenas, moitas enzoifadas pola política e os negocios turbios da droga. Tamén coas súas dependencias, traizóns, amores e desamores. E moito fracaso e infelicidade. O escritor con distintas modalidades do discurso narrativo – enunciación narrativa, dialoxismo con

predominio do estilo indirecto – e con técnicas cinematográficas, recolle a interacción destas múltiples voces, afonda nas súas vidas, tamén nos seus labirintos, e entrelázao na historia que nos conta.

Na última parte da novela cobran protagonismo o narcotráfico e mais o personaxe que dalgún xeito vén ser o seu paradigma, aínda que seguen tendo cabida a perspectiva de moitos



dos m e m -
broos desta
ración perdida. O relato convértese, entón, nunha verdadeira novela negra, con moita acción,

que se acelera ao final, cun desenlace que pouco ten que ver coa ortodoxia da narrativa do xénero. Nárrase nestas páxinas, pois, o mundo do narcotráfico en Galicia, pero con moito talento, afastándose do tremendismo e subliñando a inversión de valores. Todo isto, e sobre todo a frescura, o dominio do idioma e ese mergullarse de cheo nas correntes máis innovadoras da narrativa contemporánea, fan da obra de Manuel

Portas non só unha promesa, senón unha excelente realidade narrativa consolidada. *PORTAS, Manuel, Denso recendo salgado, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP 17, 60 €*

*O narrador achega
unha verdadeira
novela de novelas*